



Metodoloxías musicais do século XX: Dalcroze e Kodaly

Musical methodologies of the 20th century: Dalcroze and Kodaly

Laura Castiñeiras Pereira*, María del Pino Díaz Pereira **

*Facultade de Ciencias da Educación, **Universidade de Vigo (Campus Ourense)

Resumo

A educación musical na etapa de Educación Infantil ocupa un posto crucial, xa que contribúe ao desenvolvemento integral dos educandos. Para que esta sexa efectiva, a metodoloxía empregada ha de ser lúdica, innovadora, dinámica e versátil. Por isto, o obxectivo principal deste traballo é dar a coñecer as metodoloxías musicais do século XX. Neste traballo, enmarcaremos a música no currículo de Educación Infantil; a continuación, veremos aspectos común a todas elas; e finalmente, centrarémonos especificamente nas metodoloxías Dalcroze e Kodaly, posto que cumpren todos os requisitos metodolóxicos anteriormente mencionados.

Palabras chave: metodoloxías, Dalcroze e Kodaly

Abstract

Musical education in Pre-school Education occupies a crucial position, since it contributes to the integral development of learners. To be effective, the methodology used must be playful, innovative, dynamic and versatile. For this, the main objective of this project is to expose the most relevant musical methodologies in history, these of the 20th century. So there, we are going to frame music in Pre-school Education curriculum; next, we are going to see common aspects to all of them; and finally, we will focus on Dalcroze and Kodaly methodologies, because they meet all the requirements previously mentioned.

Keywords: methodologies, Dalcroze and Kodaly

Xustificación

Para comezar a traballar os contidos musicais cos nosos alumnos e alumnas debemos ser conscientes da importancia que ten a metodoloxía utilizada. Por exemplo, se traballamos cunha metodoloxía centrada en iniciar aos infantes na lecto-escritura musical, solfexando sentados día tras día durante dous anos, e despois pasamos a ensinalles como tocar un instrumento determinado, será moi probable que nese tempo aos alumnos e alumnas xa se lles pasen as ganas de tocar algún instrumento, ademais de ter carencias na asimilación de contidos musicais importantes.

Froito do noso interese pola educación musical e a innovación na aula xorde a selección deste tema. A metodoloxía empregada debe ser lúdica, innovadora, atractiva, completa, dinámica e versátil. Para que os cativos e as cativas aprendan os contidos musicais dunha forma axeitada e motivadora, teñen que vivir a música, pasalo ben, xogar con ela, sendo conscientes da etapa

evolutiva na que se atopan, isto é, na preoperacional. O motivo de escolla das dúas metodoloxías empregadas no noso traballo é que reúnen todos os requisitos que acabamos de mencionar e considerámolos de gran interese para levalas a cabo na nosa futura labor como docentes.

Introdución

A música xoga un papel fundamental no desenvolvemento do alumnado de Educación Infantil. Con ela, os infantes gozan ao mesmo tempo que aprenden contidos, tanto musicais como doutros ámbitos do desenvolvemento. Numerosos estudosos do tema, tales como Lacárcel (2003) ou Gómez (2007) afirman que, os educandos formados musicalmente son persoas máis creativas e organizadas á hora de procesar unha gran cantidade de información, posto que a estimulación musical contribúe ao desenvolvemento dos hemisferios do cerebro, principalmente do esquerdo. Polo tanto, debemos educar musicalmente aos nenos e ás nenas dende idades temperás, facéndoo da forma máis adecuada posible, co fin de provocar neles gran interese por aprender música. Debido á importancia da metodoloxía utilizada na aula, levamos a cabo un estudo das principais metodoloxías musicais do século cume da pedagogía musical, co obxectivo de que os docentes as coñezan, e escollan o que máis lles interesa de cada unha, combinando se o consideran oportuno, dúas ou varias. Para isto, collemos dúas metodoloxías innovadoras, completas e ao mesmo tempo con diferenzas importantes entre elas, para así comparalas e poder comprender cáal resulta máis produtiva nestas idades.

Principios básicos das correntes pedagóxico musicais do século XX

O século XX constitúe unha época de cambio para a educación. Isto débese a unha necesidade de ruptura coa forma tradicional e rudimentaria que había de ensinar. No ámbito educativo musical, a música pasa a ser considerada unha materia que contribúe ao desenvolvemento integral do individuo. A raíz deste novo pensamento, algúns pedagogos musicais propoñen novas metodoloxías de carácter innovador.

Cuevas (2015) relaciona a aparición de todas estas metodoloxías musicais cos principios de educación da

Escola Nova: liberdade, creatividade e actividade. Polo tanto, como o indica Hemsy de Gainza (2004) pasan a poñerse en primeiro plano as necesidades e a personalidade do educando.

Os pedagogos musicais do século XX pretendían coas súas metodoloxías que os alumnos e as alumnas o pasaran ben coa música e que aprenderan a través do disfrute da mesma, polo que propoñían a adquisición de coñecementos musicais a través do xogo, sendo considerado un dereito dos infantes dende o ano 1959, na Declaración dos Dereitos do Neno.

De acordo con Brufal (2013), todas estas metodoloxías partían da base de que a música era universal, é dicir, que esta non era unicamente para os educandos cunha dotación especial para ela, se non que, era para todos. Tamén defendían que a postura que debía de adoptar o neno ou a nena fronte á música había de ser activa, e para isto era necesario levar a cabo un dobre proceso: a percepción e a expresión. En primeiro lugar, o infante debía de percibir a música a través do oído, é dicir, escoitala con atención, e acto seguido, expresarse a través da interpretación e creación musical.

Outro punto ao que os pedagogos do século XX lle daban especial importancia era á creatividade musical, posto que propoñían actividades de improvisación vocal, instrumental e de movemento, ademais dicían que a música non debía de ser unha disciplina autoritaria, se non que, o mestre unicamente debía de cumprir a función de guía motivador e promover a participación de todo o alumnado.

Nestas metodoloxías os contidos musicais fíanse introducindo aos cativos e ás cativas de acordo co seu estado de maduración, facendo fincapé no carácter globalizado da música, xa que a partir dela podía e debíanse traballar múltiples áreas e dominios dos rapaces, tales como o desenvolvemento da linguaxe, a motricidade, a memoria, e incluso outros idiomas a través de letras de cancións, por exemplo.

Principais correntes pedagóxicas

Hemsy de Gainza (2004) manifesta que algunhas das posibles formas de referirnos ao século XX poderían ser “o século da Iniciación Musical” ou “o século dos grandes métodos” e clasifica dito século en seis períodos:

- Primeiro período (1930-1940). Métodos precursores: “Tonic-Sol-Fa” en Inglaterra ou “Tonika-Do” en Alemaña e método “Chevais” en Francia
- Segundo período (1940-1950). Métodos activos: “Dalcroze” e “Willems” en Suíza e “Martinet” en Francia.
- Terceiro período (1950-1960). Métodos instrumentais: “Orff” en Alemaña, “Kodaly” en Hungría e “Suzuki” en Xapón.
- Cuarto período (1960-1980). Métodos creativos: “Self”, “Dennis”, “Paynter” e “Schafer”.
- Quinto período (1980-1990). De transición: necesidade de ofertar unha formación ampla que integre a música doutras culturas, sen descoidar a nosa identidade.

- Sexto período (1990). Novos modelos paradóxicos: os mestres xa temos á nosa disposición moitas de métodos, e polo tanto a partir deles, podemos sacar modelos (combinación de dous ou máis métodos), se así o desexamos.

No seguinte punto falaremos dalgúñas destas metodoloxías máis polo miúdo, aplicables todas elas ao ámbito da Educación Infantil

A educación musical en Educación Infantil

A educación musical na etapa de infantil ten unha clara importancia, posto que a través dela é posible estimular o desenvolvemento do educando de forma integral e globalizadora. Á hora de ensinar música nesta etapa debemos de ter en conta as capacidades e competencias musicais das que conta o alumnado destas idades e seguir os obxectivos e contidos do currículo, polo tanto, dada a importancia destes dous aspectos pasamos a comentalos de seguido.

O desenvolvemento musical en Educación Infantil.

Tal e como afirma García (2014), dende que estamos no ventre da nosa nai, respondemos a calquera son, amosando preferencia por algúns deles. Pascual (citado por García, 2014) considera que isto é debido a que o oído é o primeiro órgano sensorial que se desenvolve dentro do útero.

Se partimos da afirmación anterior, podemos comprender por qué tan pronto nace o infante asimila obxectos con sons, voces e caras, sons graves a ambientes de tranquilidade, sons agudos a ambientes tensos ...

Seguindo a Gértrudix (s.f.) a evolución musical dos nenos e nenas dende os dezoito meses ata os dous anos (período sensoriomotor) é a seguinte:

- Con dezoito meses o neno ou nena reacciona á música movendo o seu corpo. Con esta mesma idade tamén é capaz de imitar unha melodía de forma desafinada sen articular as palabras.
- Aos dous anos responden á música movendo o seu corpo, o que axuda a que o vaian descubriendo. Compre engadir que lles empezan a interesar os instrumentos, constituíndo estes un estímulo para o canto.

Sarget (s.f.) considera que na etapa preoperacional, os infantes progresaban musicalmente do seguinte xeito:

- Dos dous aos tres anos os cativos son capaces de producir co seu corpo respostas rítmicas cada vez máis acordes ao ritmo. Isto débese á notable madurez que experimentan os membros do seu corpo a esta idade.
- No paso dos tres aos catro anos os movementos son máis variados e coordinados, e moitas veces incluso simulan pasos de danza. Outra característica da evolución musical a esta idade é que as nenas e nenos empregan xogos cantados imaxinarios, aplicando así a música nas súas actividades lúdicas do día a día. Ademais, reproducen cancións cada vez máis afinadas, resultándolles máis sinxelas as de intervalos máis reducidos e máis complicadas as de intervalos máis amplos.

- Con 4 anos o alumnado prefire escoitar a música atentamente, en vez de lanzarse a facer movementos espontáneos. Outra característica importante a esta idade é a ampliación do ámbito sonoro dos infantes, reproducindo así cancións dunha forma afinada e resultando máis sinxelo a súa memorización.
- Aos 5 anos os infantes continúan progresando no canto afinado e xa son capaces de distinguir variantes en modelos rítmicos e melódicos.

Obxectivos e contidos musicais no currículo de Educación Infantil

A etapa de Educación Infantil é moi significativa. Dela dependen todas as sucesivas, xa que nela desenvólvese a coordinación, a lateralidade, a linguaxe, a motricidade. A música nesta etapa, ao igual que nas seguintes, contribúe ao desenvolvemento integral do alumnado (ámbito físico-motor, afectivo-social e psíquico) e tamén axuda no desenvolvemento das competencias clave do currículo. Deste xeito, os infantes cunha boa base na Educación Infantil completarán os seus estudos nas etapas posteriores con moita máis facilidade.

No currículo de Galicia declárase que se poderá comezar a achegar aos nenos e nenas á expresión musical dende o primeiro ciclo da Educación Infantil, pero pese a isto, non é obrigatoria nesta etapa. Así mesmo, recórdanos que para levar a cabo o proceso de consecución de autonomía co alumnado, non debemos de esquecer que interveñen outro tipo de linguaxes, mencionando entre elas a linguaxe musical.

O primeiro obxectivo no eido da educación musical atopámolo no primeiro ciclo da Educación Infantil, concretamente na área de linguaxes: comunicación e representación. En dito obxectivo, establécese que os cativos e cativas han de sentir o feito musical como un medio de expresión e manifestación cultural.

Os contidos que fan referencia a este obxectivo, visualizámolos no segundo bloque, expresión plástica e musical e céntranse na valoración das producións propias e dos demais, na exploración das posibilidades sonoras do corpo e doutros instrumentos, no recoñecemento de sons, no interese por obras musicais, na participación activa de xogos musicais e na utilización de instrumentos para acompañar producións musicais.

No segundo ciclo da educación Infantil os obxectivos en relación coa educación musical son máis abundantes. Algúns exemplos que atopamos na área de “linguaxes: comunicación e representación” son:

- Comprender que as palabras, escrituras indeterminadas, números, notas musicais e outros símbolos e signos convencionais poden representar os pensamentos, experiencias, coñecementos, ideas e intencións das persoas.
- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes, comunicándose de forma creativa a través das diferentes manifestacións, adquirindo sensibilidade estética.
- Desenvolver o sentir de autoconfianza nas producións artísticas persoais, amosando interese pola súa mellora, respectando e valorando as creacións propias e as das demais persoas.

Os contidos en referencia a todos os obxectivos que acabamos de citar, aparecen no bloque 2 desta mesma área que leva por título linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal.

Ditos contidos están centrados na potenciación da imaxinación para enriquecer a creatividade, na creación de movementos e ritmos a partir de sensacións que lles xera a música, no gozo de obras artísticas diferenciando algúns elementos tales como o ritmo, na exploración das posibilidades do corpo e da voz, na participación activa de cancións e xogos musicais e no recoñecemento de sons do contorno.

Como podemos ver o currículo introduce a música nas vidas dos nenos e nenas dende o primeiro ciclo de educación infantil, posto que esta contribúe ao seu desenvolvemento integral e á súa felicidade.

Metodoloxías musicais na aula de Educación Infantil

Neste apartado procedemos a falar dalgunhas das metodoloxías citadas nun dos puntos anteriores. Estas tiveron gran importancia no momento da súa aparición e o seu interese continúa vixente na actualidade. Algunhas das citadas anteriormente comezan a traballar a música dende o solfexo, polo tanto non nos centraremos nelas, posto que este aspecto musical pode resultar complexo para alumnos e alumnas destas idades.

No primeiro período un dos métodos musicais que poderíamos levar a cabo na etapa de Educación Infantil é o do pedagogo Chevais. Esta metodoloxía está baseada na educación do oído, do xesto e da voz. Parte da posición da man sobre a zona central do corpo para indicar a altura das notas (fononimia) e da representación das figuras mediante os dedos da man dereita (dactilorrítmia).

No segundo período, situamos a Dalcroze que parte do movemento para a ensinanza musical. Comentarémolo no seguinte punto con detalle. Tamén encontramos a metodoloxía do pedagogo Willems e a de Martenot. A primeira establece relacións entre os elementos musicais e a natureza humana e a súa metodoloxía céntrase en cancións con letra, cancións cantadas co nome das notas musicais e desenvolvemento auditivo a través do recoñecemento de sons postos previamente. Tamén debemos mencionar que Willems utiliza materiais como a fruta de émbolo, os cencerros e as campaññas, entre outros. A segunda introduce cada clase co canto libre e continua con xogos de imitación para a toma de consciencia do ritmo. Martenot é moi coñecido por intercalar movementos de relaxación con xogos de silencio para desenvolver a concentración.

No período dos métodos instrumentais, é dicir, o terceiro, encontramos a Orff, a Suzuki e a Kodály. Orff comeza a educación musical partindo da palabra e a percusión corporal, segue cos instrumentos indeterminados (sen notas) e pasa finalmente aos determinados (con notas). Este pedagogo traballa moito as formas musicais simples, tales como o rondó e o canon. Suzuki ao igual que os outros dous pedagogos pertencentes a este período, parte da formación instrumental, no seu caso utiliza o violín e o piano e unha vez que os educandos controlan o instrumento pasa á linguaxe musical. Para rematar este período

encontramos a Kodály. A súa metodoloxía xira en torno ao canto e comentáremola polo miúdo no seguinte apartado, xunto coa metodoloxía Dalcroze.

Por último, do período dos métodos creativos podemos considerar de interese a Paynter e a Schafer. Paynter tamén promove a improvisación, tanto en grupo como individual e sitúa nun primeiro plano a relación escoitar-explorar-crear. Coincidindo co anterior, Schafer tamén lle dá moita importancia á exploración e á creación musical, RESALTANDO no seu método o traballo do silencio e a música contemporánea.

Unha vez vistas as metodoloxías musicais do século XX de interese para os infantés de Educación Infantil, facémonos unha idea da importancia e da transcendencia que tivo este século no ámbito da Educación Musical, podendo concluír con que moitas destas propostas metodolóxicas seguen presentes nas aulas de Educación Infantil do século XXI.

Métodos activos: Dalcroze

Según Jaramillo (2004) a denominación métodos activos permite relacionalos cos principios de Escola Nova, que teñen a súa orixe en pensadores como Rousseau, Pestalozzi e Fröbel. Nestes métodos dásele moita importancia á motivación do neno e aos seus propios intereses. Nos métodos activos o primeiro que se fai é escoitar moita música, improvisar, cantar, seguir o ritmo a través dos movementos do corpo ... e unha vez que o infante comprende a música e aprende a expresarse a través dela, pasamos á parte da lectoescritura musical.

O educador musical suízo Emile- Jaques Dalcroze, viuse na necesidade de aportar unha nova metodoloxía musical que fose capaz de atenuar todas as dificultades que el apreciaba na aprendizaxe dos seus alumnos.

Dalcroze (citado por Pérez, 2006, p. 9) sinala que o obxectivo do seu método se podía comprender a través destes tres aspectos:

- Desenvolver o sistema nervioso e mais os aparatos musculares para poder crear unha mentalidade rítmica a través da colaboración do corpo e do espírito baixo a influencia constante da música.
- Relacionar as medidas de tempo cos movementos corporais para crear o sentido rítmico-musical.
- Relacionar os movementos corporais en coordinación co tempo e o espazo, para así crear o sentido do ritmo musical.

As materias básicas do método son a rítmica, o solfexo e a improvisación. Na materia de rítmica os infantés poñen en movemento o seu corpo conducido pola música, realizando corporalmente as variacións de tempo, de ritmo e de matices. Esta é unha educación musical de base ao mesmo tempo que se educa a sensibilidade e a motricidade. O solfexo introdúcese unha vez que está adquirida a materia de rítmica e apoiase no canto e no movemento corporal. Por último, os infantés deben improvisar co seu corpo deixando así que descubran pouco a pouco a súa creatividade musical (Arráez, 2013).

Seguindo as aportacións de Díaz e Giráldez (2007), un modelo de clase impartida coa metodoloxía Dalcroze sería a seguinte :

- Acondicionamento para a actividade física e musical. Quecemento
- Exercicios diferentes para non caer na monotonía, sempre a partir do movemento do corpo.
- Aplicación das nocións traballadas a partir de exercicios que desenvolven a creatividade, tales como xogos, composicións espontáneas ...
- Relaxación: esta será acondicionada dunha maneira ou doutra dependendo das necesidades do grupo.

En conclusión, podemos ver que estamos ante unha metodoloxía innovadora e que parte sempre do movemento para aprender todos os aspectos musicais. Con esta metodoloxía, os nenos pásano ben aprendendo música ao mesmo tempo que traballan a motricidade global do corpo.

Métodos instrumentais: Kodaly

Os métodos instrumentais, tal e como o seu nome o indica, defenden a formación musical a través dun ou de varios instrumentos. Hemsy de Gainza (2003) reflicte nunha das súas publicacións, que a diferenza dos métodos activos con estes, está en que nos primeiros se lles dá maior importancia á motivación dos educandos e ao seu desenvolvemento psicofísico, en cambio nos métodos instrumentais o máis relevante é o obxecto de coñecemento, é dicir, a música.

Cabe destacar que ao igual que nos métodos activos, nas metodoloxías instrumentais tamén se defende a participación activa dos nenos e das nenas e o xogo como medio de aprendizaxe.

Dentro destes métodos incluímos a metodoloxía Orff, posto que é a través dos instrumentos de percusión a maneira de transmitir os coñecementos musicais aos infantés, a metodoloxía Suzuki porque emprega o violín para a ensinanza musical e finalmente, a metodoloxía Kodály, que utiliza a voz como instrumento para o aprendizaxe da música.

O compositor e pedagogo húngaro Zóltan Kodály defendía que os educandos debían aprender a ler música ao mesmo tempo que aprendían a ler o seu idioma natal, e parte da educación do oído e máis da voz para a ensinanza dos contidos musicais (Díaz & Giráldez, 2007).

Sáñez (2009), fai unha recompilación das características máis importantes da metodoloxía Kodály e indica que son as seguintes:

- As cancións: Kodály utiliza as cancións do folclore húngaro con escalas pentatónicas (sen o 4º e o 7º grao), posto que deste modo os educandos aprendían mellor a escala menor. Tamén debemos aclarar que para a entoación das cancións partimos do intervalo de 3ª menor, moi presente en case todas as cancións infantís.
- O solfexo: o aspecto fundamental do solfexo de Kodály, é que este utiliza o “do móbil”. Isto quere dicir que a primeira nota de calquera escala maior sempre se chamará do, a segunda sempre será re, a terceira mi ... ademais o nome das notas é o seguinte: do, re, mi, fa, so, la, ti. Como podemos

ver, Kodály elimina a letra l da nota sol e cambia a letra s da nota si por unha t.

A modo de conclusión, podemos ver que ambas metodoloxías son interesantes, pero ao mesmo tempo moi distintas entre elas. A metodoloxía Dalcroze preocupase de que os infantes tomen consciencia do ritmo a través do seu propio corpo, e logo, pasa á alfabetización musical; non obstante, Kodály emprega o canto para a toma de consciencia do ritmo, ao mesmo tempo que traballa a alfabetización musical dende o comezo.

Para finalizar, neste cadro elaborado a partir das aportacións de Goulart (2000), móstrase unha síntese das principais diferenzas que se dan entre as dúas metodoloxías que foron obxecto de estudo neste capítulo.

Táboa 1.

Diferenzas entre as metodoloxías Dalcroze e Kodaly

Método Dalcroze	Método Kodály
Metodoloxía integral que traballa a música dende todos os sentidos	Desenvolve principalmente o oído interno
Alfabetización musical tardía: lectura e escritura	Alfabetización musical dende o comezo
Instrumento dende o comezo (o corpo)	Estudo da partitura, logo emprego do instrumento (a voz)
Improvisación con movementos corporais.	Improvisación co solfexo.
Manter o interese a través da creatividade, é dicir, facendo os exercicios con pequenas variacións.	Busca o interese a partir das cancións tradicionais.
Método baseado fundamentalmente no movemento global do corpo.	Método baseado fundamentalmente na utilización da voz.

Referencias bibliográficas

- Arráez, J. D. (2013). Los principales métodos activos de educación musical en primaria. *Artseduca*, nº5, p. 6-21. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=4339750>
- Belmonte, J. (2013). La aplicación del método Dalcroze en las enseñanzas elementales del conservatorio profesional de música “Tomás de Torrejón y Velasco” de Albacete. Recuperado el 6 de Julio de 2016, del sitio web de la UNED: <http://e-spacio.uned.es/fez/view.php?pid=tesisuned:Educacion-Jgonzalez>
- Cuevas, S. (2015). La transcendencia de la educación musical de principios del siglo XX en la enseñanza actual. *Magister*, volumen 27, p. 37-43. Recuperado de

- <http://www.sciencedirect.com/science/article/pii/S0212679615000043>
- García, M. T. (2014). La importancia de la música para el desarrollo integral en la etapa de Infantil. Recuperado el 5 de Junio de <http://rodin.uca.es/xmlui/bitstream/handle/10498/16696/16696.pdf?sequence=6>
- Gértrudix, F. (s.f.). Características de la educación musical en Educación Infantil. Recuperado el 1 de Julio de 2016, del sitio web de UCLM: www.sonidosimaginarios.es/docencia/didactica/documentos/tema1
- Goulart, D. (2000). Dalcroze, Orff, Suzuki e Kodály Semelhanças, diferenzas, especificidades. Recuperado de http://www.dianagoulart.com/Canto_Popular/Educadores.html
- Hemsey de Gainza, V. (2003). La educación musical entre dos siglos : del modelo metodológico a los nuevos paradigmas. Recuperado el 5 de Julio de 2016, de <http://docplayer.es/10190426-La-educacion-musical-entre-dos-siglos-del-modelo-metodologico-a-los-nuevos-paradigmas-dra-violeta-gainza.html>
- Hemsey de Gainza, V. (2004). La educación musical en el siglo XX. *Revista musical chilena*, volumen 58, nº201, p. 74-81. Recuperado el 5 de Julio de 2016, de http://www.scielo.cl/scielo.php?pid=S0716-27902004020100004&script=sci_arttext&tlng=pt
- Jaramillo, M. C. (2004). Métodos históricos o activos en educación musical. *Lista Electrónica Europea de Música en la Educación*, nº14. Recuperado de <http://musica.rediris.es/leeme/revista/jorquera04.pdf>
- Lacárcel, J. (2003). Psicología de la música y emoción musical. *Educatio s. XXI*, nº20-21, p. 213-226. Recuperado de <http://revistas.um.es/educatio/article/view/138>
- Lucato, M. (1997). La metodología Kodály aplicada a la escuela primaria. *Revista electrónica interuniversitaria de formación del profesorado*, nº1. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2786659>
- Maravillas, D. , y Giráldez, A., (Eds). (2007). *Aportaciones teóricas y metodológicas a la educación musical*. Barcelona
- Sáñez, D. (2009). Métodos pedagógico – musicales para secundaria. *Revista digital para profesionales de la enseñanza*, nº3, p. 1-15. Recuperado de <https://www.feandalucia.ccoo.es/docu/p5sd5026.pdf>
- Sarget, M. A. (2003). La música en la Educación Infantil. *Estrategias cognitivo- musicales*, nº18, p.197. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=1032322>